


PINCELADAS DO ESQUECIMENTO

ELINA

MOLINS CHAO

BLANCA

ARTISTAS VIGUESAS NO SÉCULO XIX



28 de xullo de 2023
21 de xaneiro de 2024

Pinacoteca
Fernández del Riego

CONCELLO
DE VIGO





Nas rochas de Baiona (Blanca Chao)

Augada/ táboa

Ca. 1900-10

Colección Magdalena Chao Lozano



Patou (Blanca Chao)

Óleo/táboa

1897

Colección Lucía de Cominges Chao

MOLINS CHAO

ELINA
BLANCA

PINCELADAS DO ESQUECIMENTO

ARTISTAS VIGUESAS NO SÉCULO XIX

O esquecemento e a invisibilidade das mulleres artistas é unha mostra da súa exclusión durante séculos da historiografía artística. Houbo que agardar ata os anos setenta do século XX para que o feminismo reivindicase o papel das artistas a través dos estudos de xénero e cuestionase así o discurso patriarcal académico. Comezaba así un longo e lento percorrido por rescatar e visibilizar a pegada da muller artista que, en España, tivo como pioneira á historiadora Estrella de Diego co libro *La mujer y la pintura del XIX español. Cuatrocientas olvidadas y algunas más* (1987).

Entre aquelas máis de catrocentas mulleres esquecidas tampouco estaban as viguesas Elina Molins Fernández e Blanca Chao Sedano cuxa producción artística fora silenciada e quedara circunscrita ao ámbito familiar, afastada da exhibición e o recoñecemento público do que gozaron moitos dos artistas coetáneos. Ambas participaron en Exposicións Nacionais ou Rexionais e nas bienais do Círculo de Bellas Artes de Madrid e mesmo viron reproducidos cadros nos catálogos das exposicións, o que amosa a importancia que acadaron no seu momento, cando a reprodución era un privilexio ao alcance duns poucos.

Elina e Blanca pintaron apenas durante a última década do XIX. Aproveitaron as posibilidades formativas que lles deu nacer no seo de familias burguesas liberais como os Molins e os Fernández Chao, favorecedores dunha formación com-

pleta da muller. As mozas dos Chao e os Molins tiveron acceso a unha formación en idiomas, música ou artes no estranxeiro e despois ao carón de mestres artistas como Maximino Peña, José García y Ramos ou pintores relacionados coas familias, como foron os Avendaño e Francisco Pradilla.

A incompleta formación artística das mulleres, que nese momento non tiñan acceso a clases de anatomía, composición ou colorido, afastábaas dos xéneros pictóricos mellor valorados na época: a temática mitolóxica, relixiosa e a histórica. Elina e Blanca, igual que outras mulleres pintoras, circunscribiron a súa arte ao ámbito doméstico centrándose na pintura de flores, naturezas mortas, retratos familiares ou de animais, pero tamén foron quen de abrir as portas dos “cuartos propios” para pintar ao aire libre e tratar a paisaxe e as temáticas costumistas que forxaron as súas vivencias persoais.

Esta exposición trata de recuperar e visibilizar a producción artística destas dúas pintoras de orixe viguesa que, aínda que non chegaron a profesionalizarse, merecen ser incorporadas á historia da arte galega.

José Luis Mateo Álvarez
Comisario da Exposición

PINCELADAS DO ESQUECIMENTO

ELINA

MOLINS CHAO

BLANCA

ARTISTAS VIGUESAS NO SÉCULO XIX



Pinacoteca Francisco Fernández del Riego

Rúa Abeleira Menéndez, 8. Vigo

Do 28 de xullo de 2023 ó 21 de xaneiro de 2024

Martes a venres: de 18.00 a 21.00 h

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h

Domingos e festivos: de 12.00 a 14.00 h

Luns pechados (incluídos festivos)

Flores (detalle). **Elina Molins**

Óleo/táboa

1892

Colección Rosina Rocío Mas Chao

Imaxe de portada (detalle):

Cabeza de aldeá (Elina Molins)

Óleo/tea. 1893

Colección Rosina Rocío Mas Chao



DESCARGA
FOLLETO

VG 490-2023

**CONCELLO
DE VIGO**



**REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO**
Pinacoteca Fernández del Riego